

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.P.I. PLURILINGÜE JOSÉ GARCÍA GARCÍA  
CURSO: 3º ESO  
MATERIA: MÚSICA  
DEPARTAMENTO: MÚSICA  
DATA: 12 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.	Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada, aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais e identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
Interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	Interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos, e adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.	Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.	Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces, e diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.
Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición, e valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	Sigue partituras como apoio á audición, e valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica,	Describe os elementos das obras musicais propostas e emprega conceptos

corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.	musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.
Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.
Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.	Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas, e recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.
Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.	Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas, e distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.
Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.	Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.
Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.	Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais, e examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.
Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".	Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais, e comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A avaliación e cualificación do alumnado adaptarase, tendo en consideración que se realizarán sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma.</li> <li>- Avaliación obxectiva: dos documentos con tarefas de seguimento, traballos ou proxectos dixitalizados entregados durante este terceiro trimestre.</li> <li>- Avaliación positiva: dado o carácter globalizador, diagnóstico, formativo e continuo deste trimestre e en cumprimento do punto 7 das Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, avaliarase positivamente con 1 punto máis a engadir sobre a cualificación do segundo trimestre, se o desempeño das tarefas de seguimento presentadas na avaliación obxectiva do terceiro trimestre é medio-alto e con 2 puntos máis, se o desempeño desas mesmas tarefas é excelente.</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrega dixitalizada a través do correo electrónico da profesora publicado na páxina web do centro educativo, das tarefas de seguimento.</li> <li>- Observación sistemática e continua de ditas tarefas de seguimento.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Continua e progresiva, é dicir, primará a cualificación obtida no segundo trimestre á que se lle engadirá 1 punto máis, se o desempeño das tarefas de seguimento presentadas na avaliación obxectiva do terceiro trimestre, é medio-alto ou 2 puntos máis, se o desempeño desas mesmas tarefas é excelente.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entregar un traballo que recolla as aprendizaxes mínimas do primeiro e segundo trimestre, tomando como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para o alumnado.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</li> <li>- Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</li> <li>- Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas</li> </ul>

	<p>agrupacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.</li> <li>- Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</li> </ul>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dado o carácter continuo, formativo, integrador, progresivo e diagnóstico da educación secundaria obrigatoria, dase por superada a materia pendente do curso anterior, no caso de ter unha avaliación positiva na avaliación ordinaria do presente curso académico 2019/2020 no nivel educativo superior ao da materia pendente e á que se lle engadirá 1 punto máis, se o desempeño do traballo presentado na avaliación obxectiva do terceiro trimestre, é medio-alto ou 2 puntos máis, se o desempeño dese mesmo traballo é excelente.</li> <li>- Cualificaciónes para unha avaliación positiva: sacar unha nota de cinco a dez.</li> </ul>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación obxectiva e positiva: dado o carácter globalizador, diagnóstico, formativo e continuo deste trimestre e en cumprimento do punto 7 das Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, avaliarase obxectiva e positivamente o traballo realizado neste curso académico 2019/2020, aumentando un 1 punto máis, se o desempeño do traballo de seguimento presentado na avaliación obxectiva do terceiro trimestre é medio-alto e 2 puntos máis, se o desempeño dese mesmo traballo é excelente.</li> </ul> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrega dixitalizada a través do correo electrónico da profesora publicado na páxina web do centro educativo, do traballo de seguimento.</li> <li>- Observación sistemática de dito traballo de seguimento.</li> </ul>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades de repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes do primeiro e segundo trimestre, tomando como referente aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Alumnado con conectividade:</b> Explicación a través do libro dixital, libro de texto e vídeos. Visualización e audicións de instrumentos das diversas familias instrumentais e de interpretacións de obras de diferentes xéneros e estilos musicais, a través do libro dixital ou vídeos de youtube. Realización de actividades de recoñecemento dos timbres e funcionamento dos distintos instrumentos musicais. Realización de actividades onde describen os elementos das obras musicais propostas e empregan conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma escrita, con rigor e claridade.</li> <li>- <b>Alumnado sen conectividade:</b> O centro educativo intensificará a posta a disposición do alumnado sen conectividade, dos recurso tecnolóxicos (no caso de que os teñan) e doutro tipo que necesiten para o desenvolvemento das actividades, e disporá, na medida do humanamente posible, as ferramentas adecuadas para permitir que o alumnado sen conectividade obteña o maior proveito que se poda facer da metodoloxía non presencial.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispositivos tecnolóxicos, ferramentas e materiais dixitais e conectividade propiedade da docente ou de titularidade privada da docente.</li> <li>- Libro dixital Música I da Editorial Casals.</li> <li>- Libro de texto Música I, Editorial Casals.</li> <li>- Vídeos musicais de youtube.</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación na páxina web do centro educativo.</li> <li>- Utilización do correo electrónico publicado na páxina web do centro educativo.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro educativo: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpijosegarciaourense/">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpijosegarciaourense/</a>